



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO.1A.INST.E INSTRUCCIÓN N.1 NOIA

SENTENCIA: 00026/2023

PLAZA DE LA CONSTITUCION Nº 2.- C.P.15200 NOIA (A CORUÑA)

Teléfono: 881997506 C-04 P.-19, Fax: 881997507

Correo electrónico:

Equipo/usuario: LT

Modelo: N11340

N.I.G.: 15057 41 1 2022 0000525

DMA DIVORCIO MUTUO ACUERDO 0000307 /2022

Procedimiento origen: DCT DIVORCIO CONTENCIOSO 0000307 /2022

Sobre DIVORCIO CONTENCIOSO

DEMANDANTE D/ña.

Procurador/a Sr/a. FRANCISCO JAVIER SALMONTE ROSENDO

Abogado/a Sr/a.

D/ña. MINISTERIO FISCAL,

Procurador/a Sr/a. , SAGRARIO QUEIRO GARCIA

Abogado/a Sr/a. , ESTEBAN ARES GARCIA

SENTENZA

Noia, 18 de maio de 2023

Vistas por dona Lorena Tallón García, Maxistrada-Xuíz do Xulgado de primeira instancia e instrucción núm. 1 de Noia as actuacións correspondentes ao procedemento de divorcio contencioso seguido co núm. 307/2022, posteriormente transformado en procedemento de divorcio de mutuo acordo, promovido por dona , representada polo procurador don Francisco Javier Salmonte Rosendo e asistido polo letrado don , fronte a don , representado pola procuradora dona Sagrario Queiro García e asistida polo letrado don Esteban Ares García, coa intervención do Ministerio Fiscal dada a concorrencia de dous fillos menores de idade.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O procurador don Francisco Javier Salmonte Rosendo, en nome e representación de dona , presentou demanda de divorcio fronte a don .

SEGUNDO.- Admitida a demanda foi emprazado o demandado que compareceu formulando escrito de contestación. Tras isto o

procedemento continuou pola canle procesual legalmente prevista.

Durante a dita tramitación ambas partes presentaron escrito interesando a continuación das actuacións como divorcio de mutuo acordo, achegando Convenio regulador e instando a súa homologación xudicial. Por auto acordouse a transformación das actuacións continuando estas conforme ao disposto no art. 777 da LAC.

Ambas partes ratificáronse no citado convenio regulador, que informado favorablemente polo representante do Ministerio Fiscal, as actuacións quedaron vistas para o ditado de sentenza ao abeiro do disposto no art. 777.6 da Lei de Axuizamento civil (LAC).

TERCEIRO.- Na substanciación destas actuacións observáronse todas as prescricións legais vixentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Alegacións das partes.

O procurador don Francisco Javier Salmonte Rosendo, en nome en representación de dona presentou demanda de divorcio contencioso.

Con posterioridade as partes solicitaron a transformación das actuacións en procedemento de divorcio de mutuo acordo, interesando a disolución por divorcio do matrimonio conformado polas mesmas e a homologación do convenio regulador achegado a estas actuacións.

Dito Convenio regulador textualmente establece as seguintes:

“ESTIPULACIONES

PRIMERA.- DEL MUTUO RESPETO



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

DISPOÑO

Estimar a demanda de divorcio promovida por dona , representada polo procurador don Francisco Javier Salmonte Rosendo e asistida polo letrado don , e, finalmente, consentida por don , representado pola procuradora dona Sagrario Queiro García e asistido polo letrado don Esteban Ares García, coa intervención do Ministerio Fiscal dada a concorrencia de dous fillos menores de idade habidos no matrimonio e, en consecuencia:

1º.- Decreto a disolución por divorcio do matrimonio constituído polas referidas partes en data 1 de xuño de 2017, inscrito no Rexistro Civil de Xixón, Tomo , Páxina , da Sección 2ª.

2º.- Acordo a homologación do Convenio regulador recollido nos fundamentos xurídicos desta Resolución.

Non procede efectuar especial pronunciamento sobre as custas deste procedemento.

Fronte a esta Resolución unicamente poderá interpoñer recurso de apelación o Ministerio Fiscal.

Remítanse os oportunos mandados para a anotación do divorcio, una vez firme esta Resolución, o Rexistro Civil correspondente.